



O proxecto da zona acuática de Monterrei adxudicarase a finais de ano



Páxina VIII

Medio Ambiente aproba o PXOM de Castro de Rei



Páxina X

Monforte non celebrará festas patronais



Páxina XIII

A Xunta adxudica a restauración da Torre do Castro, en Sandiás



Páxina XIV

Evega presentou a colleita do viño institucional



Páxina XVI

O Filandón de Músicas do Courel homenaxeará as vítimas da pandemia



Páxinas XVI



A "XII Festa da Palabra" estreou o "Auditorio Nós"

Páxina VII



Bar
FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE

Opinión

Tía Manuela

Luís Celeiro

A ilusión de mandar

ESTABA absolutamente convencido de que o resultado ía ser favorable para eles e para tódolos seus, xusto o contrario do que foi. Sentía unha enorme felicidade pensando en que o que chegaba era verdadeiramente relevante e importantísimo para o futuro daquelas persoas que estaban dentro do marco da política, no seu círculo, aínda que lonxe, ou moi afastadas, da actividade profesional, desa que proporciona traballo a embute e salario reducido. Estaban con orgullo seguindo o ideario deseñado polo seu ídolo, aquel mentor de

tantos, aquel totalmente disposto —igual que sempre— a repartir outros tantos desprezos. Aquel, ao que xa ninguén cre, que poucos escoitan e para o que moi poucos miran. Que mágoa, señorito!

O profesor Avelino Muleiro, nun artigo recente, falando da 'Crise de valores' deixou varias leccións para quen queira sacar algo en limpo. A Tía Manuela, e probablemente varias das persoas lectoras deste xornal, súmanse por pura lóxica á proposta de Muleiro: "Deberíamos pretender que a sociedade lograse establecer criterios e

normas que fixasen as mellores condicións para que a convivencia resultase posible e así cada persoa puidese programar a súa vida libremente", con valores compartidos, con traballo compartido e compartindo esforzos, bens e riqueza.

Ao parecer, segundo os filósofos e segundo manifesta Avelino Muleiro, "os valores non se herdán, non forman parte da nosa xenética, senón que se ensinan e aprenden en cada cultura". Nós temos valores propios e a nosa xente ten o dereito e a obriga de coñecelos, igual que os políticos deben ter a ilusión de preservalos, de resgardalos, defendelos e ensinalos. Aqueles que lideran grupos sociais, que propoñen cambios substanciais, que andan de arriba para abaixo e da dereita para esquerda seguido e sen

avisar, deben facer un alto no camiño, parar e, debagar, mirar ao arredor. Se están diante dunha biblioteca, entrar e seguir mirando e observando.

Aquelas persoas prendidas atadas pola ilusión de mandar, se están ao lado do mar, deben aprender dos mariñeiros e empaparse dos seus valores e, se andan polas beirarrúas da cidade ateigada de xente e de turistas, deben reflexionar e recapacitar sobre o que se fixo mal. Obviamente, non teñen que perder a esperanza nin a confianza, pero non deben esquecer que, como en Grândola, Villa Morena, o pobo é quen ordena.



Por Ramón Coira Luaces

Os traballadores sempre somos irmáns

ISO dicía Castelao e ilustráboo cun debuxo -que eu descoñecía até hai pouco- no que aparece un traballador negro dándolle a man a un traballador branco. Paréceme moi ben. Porén se moit@s traballadores españois miran para outro lado cando nos oprimen pola nosa

lingua, nacionalidade ou afiliación política e sindical e se nos negan o dereito de autodeterminación dos pobos, seremos uns irmáns mal avidos. Eu tiven compañeir@s españois cos que traballei cóbado con cóbado, pero custáballes entender as nosas reivindicacións como galeg@s. O Estado



español maltrata a Galiza e non o queren ver. Esmáganos e non se decatan. Atacan a nosa supervivencia como realidade diferenciada e quítanlle importancia. En raras ocasións atopei un certo apoio e comprensión... Está claro que tirades un beneficio diso. Se queredes compensar ou non, depende de vós...



Jácome, inimigo das árbores

SEGURAMENTE o Sr. Alcalde de Ourense non se considera inimigo das árbores; pero os feitos parecen dicir o contrario. E iso é o que importa. En primeiro lugar falarei da zona verde chamada parque do Couto, a carón dos novos xulgados, cuxa veciñanza leva tempo mobilizándose para impedir que a alcaldía constrúa alí unha pista de "skate", recortando o parque. En segundo lugar falarei do cedro da Praza dos Suaves, chamado "O irmanciño" pola veciñanza que se mo-

bilizou recentemente para salvalo, pois a alcaldía quere quitálo dalí, alegando que impide a visibilidade da catedral. Eu sempre vin perfectamente a catedral, e coma min tod@s. O terceiro caso ao que me vou referir é o das árbores do entorno da Ponte Romana, que dan sombra e refrescan esa zona, quizáis por pouco tempo, pois a alcaldía anunciou que quere cortalas, aducindo que a Ponte Romana veríase mellor sen elas. Outro despropósito. As árbores, eses seres vivos que nos propor-



cionan oxixeno, son tratadas como mobiliario urbano. Porén alí dannos unha sombra frondosa e aniñan as aves nelas. E

non quero botarlle a culpa a este grupo de goberno do que fixo o pasado, que deixou secar por falta de rego moitas das 44 árbores do parque 25 de Novembro (inagurado en 2018 en contra da violencia machista, á beira da estrada de Reza), pero case podería facelo, pois antes ocupaba a alcaldía o PP e agora faino D.O., que goberna xunto co PP. Por favor, Sr. Alcalde, rectifique a tempo e non elimine árbores e zonas verdes da cidade. Todas fan falla, xa que non hai nada máis deprimente que unha cidade con demasiado cemento e na que min-güen as zonas verdes.

FUCO PRADO



Por Nemésio Barxa

Era uma vez Galiza, esperanza angosta

O título (grafado en galego-português internacional) corresponde-se com um verso do reivindicativo poema “Conto” da “Poesia Enteira” de Eriberto Bens (Méndez Ferrín). Vêu me á memória depois do resultado das passadas eleições nesta Galiza do sim ou do não, nesta Galiza empobrecida que majoritariamente vota pola direita, nesta Galiza habitada principalmente por galegos de nascença que diluem sua identidade e sometem sua simbologia ao magma madrileno, esta Galiza que entrega sua riqueza material e humana para favorecer ao enriquecimento e prepotência dos poderes forâneos. Galiza angosta, estreita de miras, apertada Galiza que não despega.

Dentro do que cabe, parabéns para Galiza, parabéns para todos os galegos e galegas que pensamos numa Galiza de seu. Porque o resultado das eleições passadas não foi um êxito. Foi só a constatação de que existe, que segue a existir, uma base social de cidadãos que sente e pensa numa Galiza do progresso, uma Galiza que conserve seus elementos de identidade e que tenha liberdade para aproveitar racionalmente sua riqueza a fim de que aqui podam ter seu porvir nossos filhos, nossos

netos e nos mesmos. Existe essa base social e conseguiu-se recupera-la, que andava desiludida ou desperdiçada em aventuras políticas sem futuro, nascidas de personalismos, invejas ou incluso vinganças. Já não é pouco. Que essa onda de optimismo e dignidade vote junta por recuperar um futuro e um decidir soberano com ambição de ganhar, põe-nos no caminho da vitória.

E já que a recuperação foi liderada por Ana Pontón e seu grupo de governo do BNG que foram capazes de despertar em tanta gente a ilusão e a confiança no futuro de uma Galiza sem ataduras nem dependências, para eles muito obrigado. Obrigado também a toda essa gente ilusionada, aos que não chegamos a perder a ilusão e aos que foram quem de recupera-la, aos que assumiram seu erro desde Amio e voltarem a essa Galiza que confia em si mesma para avançar, aos que se sentem esperanzados pola proposta de um novo modelo para Galiza superador da sua dependência e ainda aos ecléticos que duvidosamente apostam polo cambio, obrigado aos que sonham que outra Galiza é possível. Porque todos, desde o mais anónimo dos votantes que apostou por

Galiza até Ana Pontón, todos somos protagonistas neste renascer da autenticidade, dignidade e confiança na Galiza.

Pessoalmente gostaria aproveitar para mostrar meu agradecimento a todos os que de perto ou de longe, pessoalmente ou mentalmente, rompestes a minha solidão de neno que já intuía a Galiza soberana e que cresceu em longas travessias do deserto com muito escassos oásis, mantendo ceiva a chama da nossa esperança numa Galiza de seu. Agradecido porque, para mim como para Manuel Maria “a señardade me espanta”, porque tivemos companheiros solidarios com quem departir o sentimento de dignidade na defensa da lingua e cultura nosas e porque os mais novos me facedes sonhar com as mil primaveras mais.

Mas, dentro da minha contida ledicia, não podo esquecer que nos aguarda outra travessia no deserto linguístico baixo o governo de quem presumindo ardeiramente de “Galicia, Galicia, Galicia” expulsa das aulas o nosso próprio idioma e incluso da administração pública, que nas suas intervenções se escora em demasia para o castelhano e que carece da mínima sensibilidade com os símbolos idiomáticos identitarios da nossa nação.

Não é só lingua. Algo mais saberemos das nosas necesidades que os que venhem de fora. Algo melhor nos iria se houvesse-

mos participado na negociação da pesca com a União Europeia ou se negociáramos conjuntamente com os portugueses que de eso também sabem e obtiveram melhores resultados. Negociaram e seguem a negociar por nos, como no seu tempo eramos representados por Zamora, e ficamos sem leite, sem vacas, sem barcos, sem trabalho no rural, sem industrias, mentras chucham o produto de nosos encoros e inzan nosos montes de eucaliptos e contaminam nosas rias no seu beneficio, entretanto a contrapartida dos beneficios chega tarde e escasa (autovias e comboio). Veremos que passa agora com as “ajudas europeias” para sair do colapso económico, social e sanitario do covid19; muito temo que chegarão migalhas e que as protestas por parte do governo e presidente, ratificados nas eleições, só terão como objecto socavar o governo central por ser de diferente signo político.

E meu desejo: Que saibamos administrar bem a confiança que ao nacionalismo outorgaram tantos galegos, que não os defraudemos e não morramos de éxito, como já passou outras vezes.

Quinta do Limoeiro, julho do 2.020.



Día de sega en Castro Caldelas

Por Sara Inés Vega Núñez,
alcaldesa.

Daniel de Cambicia, Tobo do Burgo, Carlos de Susaus, Camilo dos Espiñeiros, Servando de Casbeado e Chicho de Vilamaior, foron os artífices xunto coa familia dos Clarete que sementan o pan, que permite que se siga celebrando a Festa dos Fachós

en Castro Caldelas. A pasada semana fixeron a sega de centeo. Estes voluntarios recollen a palla que se usará o 19 de xaneiro para confeccionar os fachós que desfilarán ardendo polas rúas de Castro Caldelas na víspera de san Sebastián, patrón da vila. Son auténticos profesionais que traspasan os seus coñecementos de xenera-

ción en xeneración facendo cátedra da sabiduría do pobo. Os máis maiores aprenden aos xovenes que co seu traballo e ilusión continúan a tradición e fan posible unha das tradicións máis antigas de Galicia da que hai documentación desde o ano 1751. Realizan un traballo forte e feito a vella usanza, a man e con “bertolini”.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).



Xornal Cultural
para o Lecer

Depósito legal: VG-14/2017

Opinión

Xosé Santiago Paramos

E, así foi, como foi

Desta, estou no hospital coa cabeza rachada:
As enfermeiras, xa me deron sete puntos de sutura.
A doutora, pregúntame quen me fendeu a caluga.
Eu para non andar con lérias, cóntollelo tal e como foi:

.....

Nunca fixen caso, cando me berregaban por pisar nun chan recen fregado.

Diciame eu a min mesmo:

- Total, despois de todo vouno pisar igual, ¿ que máis dará ?

Ata que un día, miña dona comezou a deixarme o pau da fregona atravesado na porta, supoño que en plan ameazador.

Hoxe, fun eu quen fregou o chan da cociña.

Cando finei, lembreime do virus e fun lavar as mans.

Entreí con tanta presa que esvarei coas pernas para riba e batín coa caluga no chan.

O golpe foi tremendo.

Miña muller veu correndo. Miroume a cachola enchoupada de sangue e díxome:

Pero home de Deus...! ti sempre a facer das túas.

Co golpe volvinme máis intelixente. Decateime que si paso por debaixo dunha escaleira, non é so cousa de superstición, pódeme caer o que está enriba, se ando cun espello roto, pódome cortar, e si me avisa a muller que non pise no fregado... é, para que non esvare e parta a cachola.

A doutora replicoume:

Entón, vostede non ten visto uns letreiros amarelos que poñen en letra ben grande “ chan esvaradoiro “

Pois non, doutora... agora os letreiros, con que non lle poñan monecos, ninguén os vai ler.



Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero.

Celebrar a patria

Quero celebrar convosco a Nosa Patria, neste ano de penurias e confinamentos. Quero celebrar tamén a Nosa Matria -que non é menos nin menor, senón o mesmo e na mesma condición de pertenza- con todas e todos vós, que sentides por dentro a chamada dese tempo agardado para ser donos, ter soberanía, o poder de decidir e decidirnos. Tempos que aínda non chegaron, por moito que digan os que o din, anque virán. Tempos de esperanza para decidir por nós, sen que nos veñan dadas as obrigas, nin as migallas. Quero celebrar a vida e un novo ano, cun novo día de conciliación entre os que amamos a orixe, sen ter que agardar orzamentos conxestionados por razóns que sempre nos vulneran. Temos moito que facer, temos que recuperar “a vontade de ser”, para con ela, sinxelamente, ser quen somos. Xuntarnos para ser. Primeiramente ser quen somos, como calquera pobo do mundo. Nesa satisfeita condición de falar a Nosa Lingua, sen que nola autoricen nun 30% no ensino para a súa aprendizaxe, e porque así o ditan alá nos escuros escritorios da perversidade. Nesa condición de non ter que aceptar as condicionantes que nos manden para rexernos como poidamos, e aceptando, si ou si, as vontades alleas. Cando esta Matria ou Patria sexa nosa, poderemos dispor, con vontade aberta, dos múltiples beneficios que a Terra nos deu, en sorte de posi-

bilidades, coa forza dun mellor reparto e dignidade, coa forza das mesmas oportunidades para levar unha vida moito máis sostible, máis equilibrada e respectuosa co medio e coa existencia. Non haberá que pedir permiso para ser. Na nosa natureza humana está sempre presente o valor da terra, o valor e apego ao verde, á paisaxe que rotula e alimenta os camiños para seguir, da auga limpa e pura dos mananciais que sucun esa terra para embebela en vida, en froitos, en alimento, en esperanzas. Nesta xeografía humana está a razón de non luxala, queremos unha vivenda que dea a posibilidade de traballar e gozar, de recrearnos, de sabernos e saborearnos. Cómpre xa esa soberanía industrial -onde non nos digan que empresas veñen e onde se colocan, mesmo en que condicións virán. Soberanía laboral de dignidade, onde non nos obriguem a cumprir leis que son manifestamente inxustas e van contra quen traballa, favorecendo aos que xa teñen moito gañado. Soberanía de defender os servizos públicos, sanitarios, edu-

cativos, de dependencia, de solvencia e aforro, mesmo a capacidade dunha banca pública galega -que nos furtaron sibilinamente hai moi pouco tempo, negándonos futuro- que axude a aquelas xentes que emprendan proxectos válidos para a mellora do País, sectores estratéxicos para o benestar e a conciliación, a paz e o sosego. Soberanía que corrixa os tantos erros nos que nos meteron, que devolva ás rías a súa beleza sacando as empresas do lixo e da contaminación cheirenta, pero sen desatender aos

nimo común múltiplo, e nos arroupe. Non pode seguir a ser que aquí, non se sabe moi ben por que se cobran as pensións máis baixas do estado en Galiza. Algún día, os políticos galegos, terán que explicalo e dar razóns que nos fagan recuperar a equidade e o valor adquisitivo que perdemos durante tanto tempo. Algún día, desde esa soberanía, non virán empresas de fóra roubarnos os beneficios das nosas minas, do noso aire, das nosas enerxías e potencialidades tantas. Porque tal como imos, os donos son xentes de moi lonxe que empregan man de obra barata e levan o groso do beneficio para os seus paraísos fiscais e alí engordan. Previo pago aos que cederon, claro. Eu proclamo esa celebración da Patria sen esquecer a aqueles que marcharon buscar traballo, a aqueles que loitan contra o dedo acusador contra “presos políticos” que discreparon do sistema e da metodoloxía. Proclamo a Matria estando en defensa da memoria que nos convoca, na memoria de tantas e tantos que tamén soñaron unha Galiza nosa e mellor, estando hoxe tamén cos traballadores sen traballo, sen vivenda, sen porvir confiado. E proclamo esta festividade soñando un día ter a maioría que non temos, sendo quen de seducir aos que non ven claro, aos que defenden -desde o seu erro- maiorías que non son boas para ninguén, pois “sempre” abusan da súa porcentaxe.



traballadores desas empresas creadas -como están facendo os mesmos que as colocaron indebidamente. Pero esa soberanía será froito dunha confluencia básica e honrada, dunha inclusión ilusionada que corrixa e avance, que conflúa para abrir desde un mí-

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

As liturxias do 25 de xullo

Día de Galicia. Tamén da Patria Galega. Dúas denominación para dúas ópticas ideolóxicas distintas. As interpretacións que se fan desta data son moi ilustrativas polas liturxias que uns e outros organizan. As invocacións relixiosas e as políticas manifestáronse de vello en distintos espazos. Os que se reúnen nas igrexas parroquiais ou na catedral compostelá fano dialogando (algo imposible) co apóstolo. Os que convocan nas prazas públicas, arredando os “mitines das arengas” dos galeguistas republicanos de noutroa, recorren aos mitos do imaxinario da nación, reducíndos lamentablemente a tres ou catro memorias; cativo recurso, porque o mártires que tivo Galicia foron milleiros. En calquera caso, a exaltación dos valores sublimados na celebración do día, intentan por distintos medios buscar mediacións para conseguiren as súas arelas.

A Galicia real precisa do maxisterio pedagóxico continuado durante todos os días do ano para que os soños dun país máis galeguizado se cumpran. Sen a constancia todo se reduce a celebracións rituais, nas só queda a despedida resentida “de hoxe nun ano”. As proclamas pronunciadas cos berros no ceo polos altosfalantes a todo volume, non abundan. Castelao, que será invocado moitas veces o día 25 de xullo, exerceu o maxisterio galeguizador dicindo que había que petar na alma do pobo ata conseguir un estado de opinión revolucionaria. Hai que espertar ao pobo

do seu sono sen estridencias, con palabras acaídas que entusiasmen e convenzan.

Sempre fun partidario da pedagogía para levar a mensaxe da galeguización da nación a todos os sectores sociais; non só a unha parte dela. Este labor esixe a utilización da intelixencia cun bo arseal de coñecementos para espertar o interese do indecisos que moran no espazo mental da indiferenza. verbo a verbo, e neutralizar aos inimigos da galeguización, que habelos hainos, cos irrefutables argumentos da razón.

Cando estou a facer estas propostas lembro que hai ben anos intentei convencer a alguén que entón era coma quen di un ninguén da canella, pero que pasados os anos conseguiu empoleirarse nas instancias académicas, de que o galeguismo precisaba botar man de experiencias como as misións pedagóxicas da época republicana protagonizadas polos intelectuais da época que removeron conciencias creando cidadáns libres. Aquel home, que pasados os anos converteuse nun consumado oportunista, escoitabame con retorcidas intencións que eu albiscaba no seu ollar, solicítoume o dereito de réplica para dicirme: “O activismo déixochos para ti. Eu dareille a Galicia na medida que ela me vaia dando a min. Galeguismo si, pero a vaquiña polo que vale”. Pilleille ao voo as súas intencións. Efectivamente, o personaxe que describo soubo facer do galeguismo un medio de vida, coma outros moitos que utilizaron os fantásticos recursos económicos que o

gobierno galego puxo ao seu dispor. Tal lección de “galeguistas” foi incapaz de galeguizar a apática realidade sociocultural. Galeguistas de codia e brétema.

O que veño de relatar é a conduta frecuente daqueles que cohabitaron os espazos culturais dun pretendido galeguismo que utilizaron, e seguen a facelo, para o seu medre persoal. Son persoas que durante as décadas que nos precederon aboiaron sen faceren singulares esforzos e deter-

O refraneiro galego defíneo con nidiéza: cacarexar e non poñer ovos. A conta de resultados non ten volta de folla; fala por si mesma.

A galeguización terá que ser integral ou non se producirá. Para iso cómpre conquistar espazos sociais inéditos con argumentos novidosos que sexan entendibles alén dos marcos tradicionais con trasnoitados discursos decimonónicos. Nos outros (nós e os outros) debemos axuntarnos nun relato común. Mentres isto non aconteza, corremos o risco de que se esfaíne aínda máis a conciencia galega, engulida polas forzas asimilacionistas que actúan dentro dela. Hai que reaxir e reelaborar outras estratexias que non sexan unicamente, por exemplo, as do sistema literario que non contribúen a crear unha conciencia sólida de país. Galicia necesita de moitos e plurais protagonistas para construímos un relato común que nos autoidentifique. Precisamos dun discurso anovado que transforme as potencialidades que están adormecidas, espartandoas e incorporandoas coralmente a ese alboxear novo que todos arelamos.

A catarse colectiva producida polas liturxias galeguistas do 25 de xullo non teñen os efectos desexados. Nos tempos que corren hai que substituír a lírica por un prosaico e anovador relato galeguizador. Máis maxisterio pedagóxico cotiá para mudarmos a realidade, e menos recursos ás ladaiñas. Metámola na chench: hai que transformar o imposible en posible.



minantes para galeguizar á sociedade, máis aló de formaren grupiños gregarios nos que retroalimentárense. Con estes vimbios non se pode reconstruír a identidade nacional. O seu discurso cheo de eufemismos non ten lonxitude de onda; é un galeguismo de neboeiro de magros resultados.

A V Xornada de Onomástica Galega abordará os nomes das marcas

Os nomes comerciais identifican todo tipo de produtos, bares, restaurantes e tendas, e tamén deixan unha importante pegada na paisaxe lingüística, ata o momento pouco estudada entre os especialistas nos nomes propios da Península Ibérica. A Real Academia Galega promoverá a reflexión sobre as tendencias na denominación dos establecementos e dos produtos comerciais e sobre o seu papel na normalización lingüística na V Xornada de Onomástica Galega, que terá lugar o vindeiro 7 de novembro no Museo de Pontevedra.

A RAG organiza dende 2016 as Xornadas de Onomástica Galega coa colaboración da Deputación de Pontevedra e o Museo de Pontevedra. As persoas interesadas en inscribirse na quinta edición poderán facelo ata o 15 de outubro

segundo se indica no programa.

As académicas correspondentes Ana Boullón e Luz Méndez coordinan un programa que contará con voces da filoloxía e da dinamización lingüística xunto a outras do mundo empresarial e da creación de marcas. No encontro examínanse algúns dos sectores implicados na creación de nomes comerciais, o valor das marcas galegas, as estratexias de marketing empregadas e as oportunidades pedagóxicas que ofrece este material para traballar na aula.

A busca dun nome que resulte distintivo ou atractivo comercialmente adoita abordarse empregando diversos procedementos. “Un dos máis recorridos é o do apelido da persoa que fundou a empresa, pero tamén se acode a procedementos máis imaxinativos e evocadores”, apunta Ana Bou-

llón. É o caso, por exemplo, de EFerro, a empresa de zocos de Vila de Cruces fundada por Elena Ferro, que nomea os seus modelos con topónimos galegos como San Cosme de Nete. A creadora desta firma será unha das intervenientes na mesa redonda que pechará a xornada, que contará tamén coas achegas de Xosé González Martínez, creador do Foro Enrique Peinador de empresas pola normalización da lingua e impulsor da campaña de etiquetado en galego “Con acento propio”; e Irene García e Raquel Boo, do estudio Ekinocio de deseño e comunicación, dende o que traballan na creación de marcas. Os nomes dos bares e restaurantes centrarán a primeira sesión da tarde, a cargo da profesora Celtia Rei Brandón, que exporá unha experiencia didáctica sobre o tema desenvolvida no



barrio vigués de Coia.

A xornada arrincará cun relatorio sobre a denominación da disciplina dedicada ao estudo dos nomes das marcas a cargo do coordinador do Seminario de Onomástica, o académico Antón Santamarina, e outro sobre o valor dos nomes para as marcas, as empresas e os dominios en Internet do profesor da Universidade de Vigo Benigno Fernández Salgado. A continuación, a profesora da Universidade de Santiago de Compostela

María Álvarez de la Granja falará dos recursos lingüísticos das marcas comerciais e a profesora Sara Míguez referirase á relación das marcas coa paisaxe lingüística dende o caso de Redondela. Deseguido, o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, trazará unha viaxe pola historia a través das cabeceiras galegas. A sesión da mañá concluírá cunha achega sobre os nomes das adegas e dos produtos da denominación de orixe do Ribeiro a cargo de Raquel Pérez Tizón.

Miscelanea

O BNG reprocha a Feijóo que vaia á conferencia de presidentes sen propostas para Galiza sobre os fondos de reconstrución da UE

A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, fixo unha valoración do papel de Feijóo na conferencia de presidentes celebrada onte na Rioja, onde ao seu xuízo “non exerceu de presidente, ao presentarse sen ningún tipo de proposta sobre que cantidade debe recibir Galiza dos fondos europeos de reconstrución aprobados en Bruxelas e que proxectos poden ser financiados con cargo a estes fondos”.

“A máxima aportación que fixo onte o presidente de Galiza en funcións foi a baixada do IVE das máscaras, que pode estar ben pero dista moito de ser o axeitado”, ironizou Miranda, quen considerou que o reparto de dos 140.000 millóns de euros é “un

tema suficientemente importante como para que Feijóo levase algunha proposta preparada para facer valer os intereses galegos, en lugar de despachalo con tres minutos na súa comparecencia posterior ao encontro”.

Neste sentido, a portavoz do Bloque en Europa lamentou que Feijóo fora de viaxe “sen ter os deberes feitos”, en tanto que outros territorios do Estado español xa teñen calculada a cifra que poden recibir, como Cataluña ou Valencia, e outros como Navarra xa anunciaron a posta en marcha de plans de reactivación, como Reactiva Navarra. “Fronte a eses territorios que xa teñen definidas cales son as prioridades nas que queren investir os recursos que chegan de Europa, temos a un

Feijóo que vai á reunión para sentarse a escoitar e pedir que lle envíen documentación”, critica Ana Miranda.

“E por suposto que os fondos da UE deben ser ben empregados, pero que iso o diga Feijóo como fixo onte non deixa de ser sarcástico, xa que en Galiza temos numerosos exemplos de fondos europeos mal utilizados baixo o seu mandato, como as numerosas depuradoras que non funcionan, a deficiente ou mesmo inexistente saneamento das rías e ríos ou infraestruturas abandonadas que foron pagadas con fondos de cohesión”, comentou.

Recortes

O BNG xa se ten mostrado moi crítico coa reacción tardía da Unión Europea para paliar as



A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda

consecuencias da crise causada pola pandemia e a esta tardanza, sinala a portavoz en Europa, e a esta tardanza e falla de solidariedade cos pobos afectados súmase “a falta de iniciativa do presidente da Xunta”. “Sabemos que diminúen partidas fundamentais para Galiza, como a PAC,

os fondos de cohesión, o fondos para a transición xusta e o programa Horizon, polo que o presidente en funcións debería anticiparse e traballar para que Galiza non saia prexudicada con eses recortes”, sinalou. “Iso pasa por falar co Bloque como principal forza da oposición”, engadiu.

Libros

“Amor en línea de 2” de Martirena

<https://www.amazon.com/Amor-en-l%C3%ADnea-2-Spanish-ebook/dp/B08CWWG2RL>

Para los enamorados, para los que no, para los que se escabullen en travesuras de cuerpo y alma, y sobre todo para los que disfrutan con gozo del inefable sentimiento, es este efervescente conjunto de caricaturas destinado a robar la risa al más escéptico. De la mano de uno de los maestros del humor gráfico, Al-

fredo Martirena Hernández (MARTIRENA), Amor en línea de 2 nos regresa al tema universal para disolver con ingenio y simpatía cualquier posible velo en torno a las relaciones de pareja y el complejo mundo de representaciones que lo circunda. Rebosante de sensualidad y buen gusto, pero también de una visión crítica sobre la

conducta humana, esta selección de las mejores caricaturas de Martirena, dedicadas al amor, aborda desde la chispa que comienza el incendio hasta el florecimiento de la pasión en sus distintos estadios, a través de situaciones donde cada amante, cónyuge o simple lector, se encontrará plenamente identificado.

(Respectamos o idioma castelán do noso colaborador habitual cubano, Martirena)



APÚNTATE AO NOSO
CANAL DE TELEGRAM



<http://xnea.eu/telegram>



SIGUE AO DÍA NA
NOSA PÁXINA WEB



<http://xnea.eu/web>



A “XII Festa da Palabra” estreou o “Auditorio Nós” con música e cultura

A próxima edición homenaxeará aos seis poemas en lingua galega que escribiu Federico García Lorca

Celebrouse a “XII Festa da Palabra” na que se estreou o “Auditorio Nós” e que mesturou novamente cultura e música. Esta edición deste evento cultural, “un dos máis importantes dos que se celebran en Galicia”, dixo Manuel Baltar, presidente da Deputación, conmemora o centenario da revista Nós (1920-2020) que “alumeou á xeración Nós, o berce do pensamento político galeguista, e por esta razón, serán benvidas todas as homenaxes que fagamos aos persoeiros que fixeron patria”, destacou o político.

Salientou “a emoción” que late na Insua dos Poetas a pesar da “terrible pandemia que azouta ó mundo” e engadiu que unha vez máis, “participamos nesta festa persoas de moi diferentes ideas e pareceres que coincidimos nun ambiente que incita á convivencia, convocados pola palabra, arroupados pola creatividade, lonxe das miserias e preto do espírito que animou a homes e mulleres de xeracións anteriores a dar unha resposta á chamada da terra propia”.

Nós

Baltar lembrou que o 30 de outubro de 1920, apareceu en Ourense, o “Boletín Mensual da Cultura Galega, órgano da Sociedade Galega de Publicacións NÓS”, dirixido por Vicente Risco, con Xavier Prado, “Lameiro”, como redactor xefe, Xulio Gallego, secretario e un equipo integrado por Ramón Cabanillas, Alfonso R. Castelao, Antón Losada Diéguez, Ramón Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas.

Neste repaso histórico, o presidente da Deputación de Ourense mencionou a Castelao afirmando que, “dous meses antes da fin da Segunda Guerra Mundial, rodeado de ourensáns leais á República e á autonomía de Galicia, despois de pasar revista de grandes figuras e de fitos históricos relativos a Ourense, dixo: “hai en Ourense un fino don de xentes e unha especial tónica política, dotes que fan triunfar ós ourensáns, un



Baltar entregando o galardón a Pilar García Negro.

pobo cunha rexa personalidade, moi peculiares, valentes na actividade civil, emprendedores e creativos.”

Camiño de Nós

Ao fio disto, Manuel Baltar afirmou que “cando falamos de ourensanía, non facemos máis que acentuar e poñer de relevo, desde unha perspectiva actual, a peculiaridade que nos caracteriza, que nos identifica e que nos une, “a comunión dos ourensáns coa Patria Galega”, algo que Castelao manifestou en máis dunha ocasión”.

Durante a celebración tamén se presentou o libro Camiño de Nós da man de César Lorenzo Gil, de Aira Edicións, quen agradeceu o apoio da Deputación de Ourense “para poder compoñer este libro que, ademais dos textos de Xavier Pardo, conta coas fotografías de Xulio Gil, coas acuarelas de Isabell Seidel e cos debuxos de Miguel Robledo”.

Camiño de Nós é unha publicación da editorial Aira que é a recolleita dunha crónica publicada en 1926 en A Nosa Terra, que narra a peregrinaxe de Ourense a Santiago realizada por persoeiros como Risco, Cuevillas, Otero Pedrayo, Lois Feixoo, Antón Sánchez ou Xavier Pardo. César Lorenzo dixo que esta publicación é un proxecto “eminentemente ourensán: pensado na Insua dos Poetas, promovido pola Deputación de Ourense, editado en Allariz e apoiado por estes outros autores

dos que a beleza do seu traballo gráfico está nesta publicación moi ben recollida”.

Premios “Insua dos Poetas”

Na celebración entregáronse os premios “Insua dos Poetas” 2020: na categoría de Literatura á profesora e escritora Pilar García Negro; na categoría de Emigración a Regina Jallas; na categoría de Acción Social á Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña; na categoría de Música a Ses; na categoría de Audiovisual ao Cineclub Carballiño; na categoría de Comunicación a Xosé Manuel Piñeiro; e o premio especial ao Traballo sociosanitario con enfermos de Covid-19 foi para as traballadoras e traballadores sanitarios da Residencia Integrada dos Milagros, Baños de Molgas.

García Lorca

Tamén interviñeron no acto o conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez; o conselleiro de Medio Rural, José González; o alcalde do Carballiño, Francisco Fumega; e o presidente da Fundación Insua dos Poetas, Luís González Tosar, quen anunciou a figura homenaxeada o próximo ano que serán, “por acordo unánime do padroado da Fundación Insua dos Poetas, os seis poemas en lingua galega que fixo o gran poeta Federico García Lorca. Os seis poemas galegos que apareceron en 1935, na Editorial Nós, de Ánxel Casal”. Neste mesmo sentido, Luís González Tosar adian-

tou que se asinará un convenio entre a Fundación Insua dos Poetas e a Consellería de Medio Rural para abrir un concurso de ideas para que eses textos sexan interpretados plásticamente por creadores.

O conselleiro de Cultura dixo que coa celebración da Festa da Palabra “levamos 12 anos recoñecendo o mellor de nós, a nosa lingua, a nosa cultura e tamén en certa medida a nosa forma de ser”, engadindo que esta edición é “a máis necesaria e importante” desde que se fundou.

Pola súa parte, o conselleiro de Medio Rural mencionou algúns dos proxectos que está a levar a cabo a súa consellería co obxectivo de recuperar o noso territorio ligado á etnografía como: as aldeas modelo, os polígonos agrogandeiros e forestais, o programa de recuperación de souts tradicionais, “en definitiva, proxectos que pretenden desenvolver a actividade económica ligada sempre á calidade como un recoñecemento tamén da nosa galeguidade”.

A celebración, á que acudiron persoeiros dos ámbitos institucionais, culturais e sociais, así como veciños da contorna da Esgueva, trasladouse tralas intervencións ao Muíño do Medio ou Muíño do Tabú para inauguralo, logo de ser rehabilitado pola Axencia de Turismo de Galicia da Consellería de Cultura e Turismo coa colaboración da Deputación



Luís González Tosar, presidente da Fundación Insua dos Poetas.

de Ourense. O apartado musical estivo a cargo de “Son Trío” e, pola tarde, celebrouse unha romaría literaria amenizada polo grupo “Airiños de Caldelas” e, posteriormente, un recital poético e a actuación musical do grupo “Tor”, que presentou o seu novo disco.

A Fundación Insua dos Poetas ven celebrando a “Festa da Palabra” desde o ano 2009, unha cita anual que xa forma parte do calendario cultural do verán, na cal, ao longo destas nove edicións foron homenaxeados: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro, Xosé María Díaz Castro, Eduardo Blanco Amor, Francisco Luis Bernárdez, Pura e Dora Vázquez, Víctor Campio, Antón Tovar e a revista “Nós”.




Público no Auditorio Nós, en Esgueva. Madarnás (O Carballiño).

Humor


Martirena



Bernard Bouton



Juli Sanchis (Harca)



Sendas peonís na Derrasa e Cachamuíña

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de adxudicar as obras de execución do itinerario peonil e ciclista na estrada OU-537, na contorna dos parques empresariais, e outro na OU-536, na Derrasa, nos municipios de San Cibrao das Viñas e do Pereiro de Aguiar.

Os traballos, adxudicados por un importe de preto de 780.000 euros á empresa Hordeson S.L., contan cun prazo de execución estimado de 6 meses. Trátase da execución de dous treitos de senda mixta, peonil e ciclista, segura e accesible, nestas vías autonómicas. A intervención define un itinerario na marxe dereita da estrada autonómica OU-537, a vía dos parques empresariais, cunha lonxitude aproximada de máis de 2 quilómetros, entre a intersección coa OU-101, na Medorra, e a intersección coa OU-536, na Derrasa.

A outra senda construírase na marxe esquerda da OU-536,



A dereita na foto, actual senda peonil en Cachamuíña.

desde o punto quilométrico 7+080, á altura da ponte sobre o río Loña, no trazado da antiga estrada, frecuentada por peóns pola proximidade do encoro de Cachamuíña, ata o paso de peóns do punto 8+080, na Derrasa.

As sendas terán un ancho mínimo de 1,8 metros na OU-537 e de 2,5 metros na OU-536, e irán separadas da calzada por unha cuneta de seguridade e por unha banda axardinada nalgúns tramos, segundo as necesidades de cada subtreito. Executaranse con for-

migón coloreado.

Estas actuacións, que serán cofinanciadas con Fondos Feder 2014/2020 para o fomento da mobilidade sustentable, están enmarcadas no Plan de sendas na comarca de Ourense.

Este plan ten como obxectivo incrementar a seguridade de peóns e ciclistas. Tamén se busca promover unha mobilidade máis sustentable, favorecendo modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular.

O Pereiro mellorará o acceso a Lamela



O pobo de Lamela, no Concello do Pereiro.

O plan Reactiva Pereiro posto en marcha polo Concello promoverá a mellora e ensanche do vial de acceso ao pobo de Lamela, unha actuación que axilizará a conexión coa urbanización de Monterrei e que beneficiará tamén aos usuarios do colexio Miraflores. Retomárase o proxecto, aprobado en 2019, tras o atraso provocado pola covid-19. O Concello do Pereiro de Aguiar recorda que o proxecto e a dotación orzamentaria xa foron apro-

bados a finais do pasado exercicio de 2019, e o proceso para a materialización viuse afectado pola paralización dos prazos administrativos acordada durante a pandemia, o que demorou o proceso. Agora, segundo sinala o alcalde Luís Menor "a adxudicación e o inicio das obras permitirán mellorar un dous pobos máis bonitos do concello que une cunha zona de gran dinamismo social e económico, como é a urbanización de Monterrei".

O proxecto da zona acuática de Monterrei será adxudicado a finais de ano

O secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa, acompañado polo vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández, e polo alcalde do Pereiro de Aguiar, Luís Menor, visitou as obras que se están a levar a cabo no Complexo Deportivo de Monterrei e que corresponden á primeira fase da actuación global que se ocupa da construción da zona deportiva.

A reforma do Complexo Deportivo de Monterrei contará cunha zona deportiva e unha zona acuática como dous partes diferenciadas e independentes. O orzamento total da actuación roldará os 10 millóns de euros e será cofinanciado ao 50% entre Xunta de Galicia e Deputación de Ourense. A pesar da pandemia provocada pola Covid-19, o Go-

verno galego continúa coa folla de roteiro marcado para a realización das obras e confía en cumprir con todos os prazos. A devandita zona deportiva albergará un pump track indoor para deportes urbanos, ademais dunha pista polideportiva descuberta, unha pista de tenis cuberta e outra descuberta, dúas pistas de pádel cubertas e outras dúas descubertas e a ampliación da cuberta da pista de atletismo.

As obras da zona deportiva xa comezaron o pasado venres 3 cunha duración de 3 meses polo que poderán estar rematadas a principios do mes de outubro, para o inicio da tempada 2020-2021. A obra está adxudicada á empresa Xestión Ambiental de Contratas S.L. por un importe de 878.485,79 euros.

Segundo informou Lete Lasa,



O alcalde, Luís Menor, primeiro pola dereita, espera inaugurar este espazo no 2023.

o proxecto da parte acuática estará adxudicado no último trimestre de 2020. Deste xeito, poderanse cumprir os prazos para cada unha das tres fases diferenciadas: a piscina familiar (zona 2 que estará finalizada en 2021), a piscina infantil (zona 3 que estará finalizada en 2022) e os tobogáns de adrenalina (zona 4 que estará finalizada en 2023).

Durante a execución das obras poderanse utilizar en todo momento as instalacións xa existentes ou finalizadas. O orzamento da parte acuática alcanzará os 8.809.566,35 euros.

As novas instalacións permitirán ampliar a actual oferta deportiva e, sobre todo, conseguir a súa desestacionalización dando servizo os 365 días do ano.

O Pereiro aproba axudas aos autónomos

O Concello do Pereiro de Aguiar aprobou as primeiras axudas para os autónomos dentro do plan denominado Reactiva Pereiro, cuxo obxectivo é dinamizar a economía local tras os efectos da pandemia polo coronavirus e que foi aprobado no seu día co apoio unánime de todas as forzas políticas municipais. Case todas as peticións foron estimadas e ás que tiñan falta de documentación demandóuselles a presentación. O plan Reactiva Pereiro tamén contempla axudas do Concello para as pequenas empresas que serán resolta nos próximos días. En próximas convocatorias anunciaranse as axudas á natalidade, familias numerosas e adquisición de material informático para a educación online.

Medio Ambiente aproba o primeiro PXOM de Castro de Rei

O Diario Oficial de Galicia publicou a orde de aprobación definitiva do PXOM de Castro de Rei, o primeiro co que contará este concello lucense de pouco máis de 5.000 habitantes –no que rexía ata o de agora o Plan Básico Autonómico– e que está chamado a marcar a evolución e o crecemento urbano municipal durante os próximos 12 anos.

Con este anuncio, dáse un paso fundamental de cara á entrada en vigor do novo planeamento, pendente tan só agora de que o Goberno municipal publique a normativa e as ordenanzas do novo plan xeral no Boletín Oficial da Provincia e o inscriba a continuación no Rexistro do Planeamento Urbanístico de Galicia.

O Concello de Castro de Rei aprobou inicialmente o seu PXOM no ano 2010 e de forma provisional, por primeira vez, en 2016. Tras serlle requirida por parte da Xunta documentación adicional e unha serie de modificacións, o documento foi remitido de novo o pasado mes de abril á Dirección

Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para a súa aprobación definitiva.

Entre os principais obxectivos do novo PXOM, cómpre subliñar a organización do medio rural a través da definición das categorías de solo rústico determinadas; o recoñecemento da existencia e consolidación futura dos núcleos rurais, como elementos vertebradores residenciais do medio rural; o establecemento dunha ordenación que fomente a densificación e a finalización interior dos núcleos urbanos de Castro de Rei e Castro Ribeiras de Lea dentro dos seus límites actuais e prepare o seu crecemento futuro.

Así mesmo, o plan tamén quere posibilitar o desenvolvemento residencial e industrial sustentable nos ámbitos máis idóneos para iso co fin de acadar unha mellora socioeconómica do termo municipal no seu conxunto, e identificar os bens naturais e culturais do Concello, establecendo aquelas determinacións urbanísticas que garantan a súa preservación.

O PXOM prevé case 390.000



Casa Consistorial de Castro de Rei, na Terra Chá.

m2 para espazos libres e zonas verdes e algo máis de 291.000 m2 para desenvolver equipamentos comunitarios, o que supón unha superficie moito maior dos mínimos esixidos polo marco legislativo vixente.

Coa aprobación definitiva do PXOM de Castro de Rei ponse fin a máis dunha década de intenso traballo que comezou a mediados de 2008 e durante a cal os redactores tiveron que estudar ao detalle os 177 km2 que abrangue o mu-

nicipio e as súas 25 parroquias.

A Xunta ten atribuídas as competencias específicas en materia de urbanismo, entre as que se atopan o fomento da redacción dos plans municipais co fin de que os concellos dispoñan de documentos de ordenación do territorio adaptados á lexislación vixente e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento.

Entre as distintas vías ás que recorre o Goberno galego para fo-

mentar que os municipios contén con plans propios destacan as ordes polas que se regula a concesión de axudas a entidades locais para a redacción dos seus plans urbanísticos. De feito, nestes momentos ten comprometidos 12 millóns de euros a través de convenios de colaboración con 191 concellos que están a redactar os seus planeamentos e plans especiais.

No caso concreto de Castro de Rei, a achega comprometida pola Xunta ascende a un total de 123.647,85 euros, contía da que actualmente tan só queda por abonar a última fase, correspondente ao trámite da aprobación definitiva.

Neste sentido, o traballo desenvolvido pola Xunta desde 2009 en materia de urbanismo ten presente lexislatura, que comezou en 2016 e rematará coa constitución do novo Parlamento o vindeiro mes de agosto. Tras a aprobación definitiva do de Castro de Rei, son xa 108 os municipios que contan cun planeamento acorde e adaptado ao marco urbanístico vixente na comunidade.

Cultura restaura as pinturas de San Xiao de Lobios en Sober

A Xunta de Galicia invertirá preto de 70.000 euros na restauración da pintura mural da nave principal (muro norte, fragmentos do muro sur e arco triunfal) da igrexa de San Xiao de Lobios, en Sober. A Consellería de Cultura e Turismo adxudicou este servizo que ten un prazo de seis meses para a execución da obra. As necesidades que se pretenden cubrir con esta restauración son a reparación das afeccións na policromía mural causadas por causas antropoxénicas e deficiencias arquitectónicas mantidas no tempo. Neste sentido, entre os danos máis significativos cómpre destacar as colonizacións biolóxicas; a presenza de ocos entre o morteiro e o muro; desencana-

dos parciais e perdas de policromía, así como as minguas na adhesión da capa de cor.

Para solucionar estes problemas está previsto acometer a desmontaxe do retablo do muro norte, dedicado a San Antonio de Padua, co obxecto de facilitar o acceso ao conxunto mural; eliminar os morteiros alleos á obra; protexer as zonas con perigo de desprendemento; realizar unha limpeza da superficie de paramento; aplicar tratamentos contra o biodeterioro; consolidar o soporte; fixar os estratos policromos; realizar unha reposición de morteiros, policromos e non policromos e, finalmente, acometer a reintegración cromática.

Esta igrexa parroquial é un exemplar do románico rural do século XIII na súa transición



A intervención corraxirá as afeccións na policromía mural.

ao estilo oxival. As pinturas existentes pertencen ao século XVI e distribúense en viñetas delimitadas pola decoración ar-

quitectónica. Nestas destacan os temas escatolóxicos coas subseguintes referencias ao Xuízo final.

Concerto de Xoán Eiriz en Sober

O Concello de Sober retomou a actividade cultural cancelada durante o estado de alarma cun concerto de Xoán Eiriz de entrada libre. Foi o sábado 18 de xullo no auditorio da Casa da Cultura. O compositor cantou as dez cancións que compoñen o seu disco 'Poemas de amor en outono', o número 14 da súa discografía, e fixo un pequeno percorrido polas cancións máis significativas da súa traxectoria musical. O Concello de Sober garantiu que se respectasen todas as normas relativas á covid-19, así como as distancias de seguridade e outras medidas para que todo se desenvolvese con normalidade e sen riscos para os asistentes.

Alfoz está adherido á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

O concello lucense de Alfoz xa está oficialmente adherido á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), organismo autonómico que ten por obxectivo velar pola legalidade urbanística e o control das posibles infraccións que se cometan neste eido. O rexedor municipal Jorge Val e a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, asinaron esta mañá o convenio en virtude do cal Alfoz se converte no concello número 86 de toda Galicia e no 17 da provincia de Lugo en delegar na APLU parte das súas competencias.

Tras a sinatura, Vázquez Mejuto explicou que, en virtude destes convenios, os concellos ceden as competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística relativas a obras que se executan sen licenza nas seguintes clases de solo: en solo rústico ou non urbanizable, en solo urbanizable ou apto mentres non sexa aprobado o correspondente pla-



Ángeles Vázquez e Jorge Val asinaron o convenio.

neamento de desenvolvemento, e en núcleos rurais delimitados no PXOM. Pola súa parte, a APLU comprométese a transferir ás entidades locais adheridas un 10% do produto das multas coercitivas e das sancións que impoña.

Neste sentido, a conselleira felicitou ao alcalde pola decisión xa que, lembrou, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente que está ao servizo dos concellos co único fin de garantir a protección do territorio e o respecto á legalidade vixente.

O obxectivo da Xunta é seguir

incorporando máis concellos, ao tempo que se incrementa a colaboración cos que xa están adheridos porque os resultados, como salientou Vázquez Mejuto, amosan que a actuación conxunta entre a APLU e os concellos é sinónimo de éxito. A modo de exemplo, cómpre lembrar que en 2019 baixou o número de expedientes resoltos, o que denota un aumento da concienciación da poboación, e un exercicio máis o número de execucións subsidiarias –é dicir, as realizadas polos propios particulares–, foi dun 95%.

A Xunta rematou a reforma da estación de autobuses de Viveiro



O proxecto incluíu a substitución total da cuberta e outras melloras na dársena e no interior.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de rematar as obras de reforma integral que executou nos últimos meses na estación de autobuses de Viveiro, ás que destinou un orzamento de 221.300 euros. Entre os traballos realizados destaca a substitución total da cuberta do edificio da estación, así como a aplicación dun tratamento anticorrosión á cuberta da dársena.

O proxecto incluíu o cambio da porta exterior de acceso dos autobuses á dársena, o pintado

dos bordos e diversas actuacións de mellora e acondicionamento no interior do edificio, que afectaron principalmente aos falsos teitos e aos aseos. Tamén se colocaron unhas pantallas electrónicas para reforzar a información sobre as chegadas e saídas dos autobuses.

A finalidade das obras é proporcionarlle ás persoas usuarias do transporte público unhas instalacións máis cómodas e eficientes e con máis información sobre horarios, servizos e liñas dispoñibles.

O Concello de Sober xa ten logotipo promocional

O xurado do concurso de deseño dun logotipo que identifique e promocióne ao Concello de Sober reuniuse e tomou a decisión por unanimidade de que a persoa gañadora fora Esteban Carbajo Gómez, residente en Nigrán, Pontevedra. O gañador recibirá 500 euros como premio.

O xurado valorou que o logotipo recolla a esencia do municipio, tal e como fixaban as bases, tendo en conta os seus sinais de identidade: os seus recursos naturais e turísticos, as peculiaridades dos seus sectores produtivos e os seus valores culturais. Tamén se pedía que o deseño incluíra a palabra Sober.

A proposta foi elixida de entre máis de cen enviadas por 82 participantes (cada partici-

pante podía enviar o número de orixinais que considerara). En concreto, chegaron propostas de todas as provincias galegas, así como do resto do Estado; Madrid, Barcelona, Murcia, As Palmas, Asturias, Zaragoza... Tamén houbo concursantes de fóra de España, de Irlanda e México.

O alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, valora “o interese” que espertou o concurso e alta participación, así como o alto nivel dos orixinais que enviaron os concursantes. O logo será usado polo Concello como complementario ou substituto do escudo municipal.

O xurado estivo formado polo deseñador gráfico e licenciado en Belas Artes, Humberto Loureiro, a responsable da Oficina Municipal de Turismo de Sober,



O logotipo é da autoría de Esteban Carbajo Gómez.

Maryfe Martínez e a responsable de prensa do Concello de Sober, Silvia Pena.

Sober pon en marcha o servizo Xantar na casa

O Concello de Sober iniciou o servizo de Xantar na Casa atendendo o primeiro día aos 3 primeiros usuarios e está previsto incorporar novos domicilios nos próximos días. O goberno local de Sober integrouse no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar co obxectivo de formar parte dos concellos galegos que pertencen ao programa ‘Xantar na Casa’.

Unha vez adherido ao Consorcio, o Concello de Sober formalizou un convenio para dispor deste programa de comida a domicilio que busca facilitar e garantir unha alimentación de calidade adaptada ás necesidades de persoas maiores dependente ou en



O servizo iniciouse a finais de xullo.

risco de exclusión para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa alimentación.

Tal e como explica o alcalde, Luís Fernández Guitián, a Xunta asume o 50% dos gastos, a través da Consellería de Política Social, o 25% o Concello e o outro 25% a persoa que se incorpora ao servizo. “É un dos compromisos que figuraban no programa electoral que vén de ser cumprido”, precisa.

O Ralli Turístico Terras do Incio partiu por primeira vez de Monforte

O Ralli Turístico Terras do Incio celebrou do 8 ao 14 de xullo a oitava edición. Participaron 24 vehículos exclusivos de marcas coma Mercedes, Jaguar, Aston Martin, Masseratti, Morgan, Porsche, Lotus ou Ford, chegados de diferentes puntos de España así como tamén de Portugal e Francia.

O presidente da Deputación e alcalde de Monforte de Lemos, José Tomé Roca, destacou que esta celebración do motor “amosa a todas e todos os participantes a riqueza da nosa cidade, da Ribeira Sacra e da provincia de Lugo, ó mesmo tempo que contribúe a dinamizar a nosa economía, en especial a dos sectores hostaleiro e comercial”. No acto inaugural participaron o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, a tenente de alcalde do Concello, Gloria Prada, o concelleiro de Obras, Medio Rural e Servizos, José Luís Losada, así como polos organizadores, Andrés Castro e Pilar Debelius. José Tomé Roca deu a benvida ós participantes a Monforte, destacando que “ademais de descubrir a importante riqueza patrimonial e artística da nosa cidade, o encanto das súas rúas históricas e

a hospitalidade das súas xentes, tamén percorreredes un enclave único pola súa extensión e beleza, como é a Ribeira Sacra”.

Embaixadores

O rexedor municipal recordou que a Ribeira Sacra é finalista á declaración de Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, “un recoñecemento que estou seguro de que vai conseguir o vindeiro ano 2021, como tamén aspira á declaración de Reserva da Biosfera. Por iso, quero pedirvos que dende hoxe sexades embaixadores das nosas terras, que difundades o seu encanto e a súa beleza, pois así unirédesvos ó noso proxecto común de acadar este prestixioso recoñecemento, algo que estou seguro que conseguiremos entre todos”.

O presidente da Deputación agradeceu a labor dos organizadores desta iniciativa por conseguir sacar adiante unha edición máis do Rally Turístico Terras do Incio “a pesar da situación que estamos a vivir ocasionada pola crise sanitaria da Covid-19”. Neste senso, Tomé Roca informou a un cambio no programa do Rally xa que, debido ás especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria do COVID-19 que obrigaron nestes



Inauguración do VIII Rally Turístico Terras do Incio.

días ó peche da zona norte de Lugo, a comarca da Mariña, os vehículos non transitarán por esta zona. “Pero a pesar deste contratiempo propiciado polo Coronavirus, os lugares que ides percorrer e disfrutar polo resto da nosa provincia creo que non vos van defraudar. E, cando as circunstancias o permitan, recoméndovos visitar a Mariña Lucense”, animou así o alcalde ós participantes.

Tomé Roca destacou que este evento do motor tivo desde a primeira edición, celebrada no 2013, unha gran acollida “xa que amosa

a todas e todos os participantes a riqueza da nosa terra, e, ó mesmo tempo, contribúe a dinamizar a economía, en especial a dos sectores hostaleiro e comercial”.

Apoios

O Rally contou tanto co apoio do Concello de Monforte como da Deputación de Lugo, porque favorece a proxección da cidade do Cabe, da Ribeira Sacra e da provincia e porque dinamiza sectores estratéxicos para a economía lucense, como son o comercio e o turismo. “Se a dinamización turística e económica sempre foi

importante para nós, agora o é moito máis pola difícil situación que atravesan estes sectores a raíz da pandemia”, resaltou o alcalde.

José Tomé obsequiou ós participantes coa Guía Turística e Ruedro oficiais do Concello de Monforte, cun libro sobre o poeta chairego Manuel María, tamén veciño de Monforte e que foi homenaxeado en 2016 no día das Letras Galegas, así coma cun kit para prevención ante o COVID-19 composto por unha mascarilla sanitaria e dous sobres de xel hidroalcohólico.

Os participantes no VIII Rally Turístico Terras do Incio desprazáronse en autobús para visitar os viñedos da Ribeira Sacra, o Miradoiro do Duque e facer unha viaxe en catamarán. Mentres, os vehículos protagonistas do Rally Turístico permaneceron aparcados na explanada da Compañía e foron visitados polos monfortinos. Ademais de Monforte e da Ribeira Sacra, os participantes neste Rally Turístico tamén visitaron a Serra do Courel, Terras do Incio, a cidade de Lugo, Terra Cha, Meira, Portomarín e Vilalba, para disfrutar do rico patrimonio paisaxístico, patrimonial, gastronómico e cultural da provincia de Lugo.

O alcalde de Monforte recibe o dossier do Rally Dakar

O piloto monfortino de motos, Eduardo Iglesias, que participou na última edición do Rally Dakar, disputado en Arabia do 5 ó 17 de xaneiro deste ano 2020, foi recibido por José Tomé, alcalde de Monforte e por José Manuel Mougán, concelleiro de Deportes.

Na visita, o piloto monfortino, acompañado por Jesús Veloso, fíxolle entrega ó alcalde do dossier no que se recollen todos os aspectos da súa participación na última edición do Rally Dakar: fotografías, presenza nos medios de comunicación nacionais e internacionais e detalles técnicos, entre outros aspectos. O dossier foille entregado ó rexedor municipal tanto en edición en papel



como en formato dixital, a través dun lápis electrónico.

Cabe recordar que Eduardo Iglesias foi o primeiro piloto monfortino en participar nesta em-

blemática carreira, unha dura competición na que Iglesias logrou non só concluír o rally, senón tamén rematar por debaixo do top 100, concretamente no posto 94.

O parque de bombeiros de Monforte ten novo vehículo



O director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva, e o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé, participaron na entrega dun vehículo ao parque de bombeiros de Monforte de Lemos. O vehículo foi adquirido polo Consorcio Provincial,

no que participan ao 50% a Xunta e a Deputación. Trátase dun todo terreo para intervencións rápidas, que vén a completar os medios que ten o parque. Este novo vehículo permitirá unha mellora nos tempos de intervención e chegar a zonas de difícil acceso.

Monforte non celebrará festas patronais “por responsabilidade sanitaria”

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, anunciou que este ano 2020 non haberá Festas Patronais na cidade, que tradicionalmente se celebran no mes de agosto. “Esta decisión de non celebrar ningún tipo de evento relacionado coas festas patronais que leve consigo a aglomeración de persoas aínda que sexan pequenos grupos”, recalcou o rexedor municipal, “foi unha decisión moi difícil de tomar e moi dolorosa para min como Alcalde, pero tamén para todo o equipo de goberno, posto que dende que chegamos ó goberno no ano 2015, un dos piares no noso traballo en materia de Cultura foi recuperar as nosas festas e devolverlles o prestixio e esplendor que tiveron no pasado”.

Deste xeito, o alcalde explicou que o motivo de tomar esta difícil decisión de non celebrar as festas patronais “ven dado polos rebotes do Coronavirus que se están dando en varias localidades da provincia de Lugo, algunha delas con certa proximidade, como é o caso de Monterroso ou Vilalba, e dado que son moitas as persoas que nos visitan de fora de Galicia, onde o Coronavirus ten tido unha

incidencia importante, non queremos que os veciños e as veciñas de Monforte corran ningún risco motivado pola celebración dalgún evento organizado polo Concello.

Cronoloxía

“Este ano, tiñamos totalmente elaborado o programa normal para as patronais do ano 2020, incluíndo os 5 concertos que se ían facer este ano, as orquestras que ían acompañar eses concertos, a actuación do día do pregón na Praza de España. O alcalde informou que dende o momento en que se decretou o estado de alarma pola crise sanitaria do Coronavirus, acordouse suspender os citados concertos adquirindo o compromiso de manter ese calendario para o ano 2021, “dado que nos parece que o programa previsto é dunha calidade que permite trasladalo para o vindeiro ano, motivo polo cal non imos dar a coñecer cales eran eses artistas contratados, porque será o vindeiro ano cando informaremos cales van ser eses concertos, loxicamente será cando demos a coñecer o programa das festas para o ano 2021”.

Da mesma maneira, con posterioridade ó estado de alarma, e

co obxectivo de promocionar a actividade económica, o turismo, o comercio e co obxectivo de atraer a Monforte a un turismo de interior, dende o equipo de goberno programáronse unhas festa alternativas, consistentes en concertos máis pequenos acotados co que marca a normativa, e distribuídos polos diferentes barrios da cidade para tratar de chegar a todos os monfortinos e monfortinas sen que iso xenerara desprazamentos masivos de xente. Así, ademais de concertos na explanada da Compañía, acotada para non superar o aforo, tamén estaban previstas actuacións na Praza de España, no barrio de San Antonio, na zona da Pinguela, no Valle de Lemos e no barrio da Estación onde, aparte de concertos de pequeno formato, tamén incluía actividades infantís e cine na rúa.

Dous actos

O alcalde anunciou celebración de dous actos relacionados coas festas. Dunha banda, a misa na honra da Patroa de Monforte, a Virxe de Montserrat, que se celebrará o día 15 de agosto ás 11 horas como viña sendo tradicional, aínda que neste caso debido as obras na igrexa de San Vicente, a



O alcalde, José Tomé, en rolda de prensa.

misa este ano terá lugar na Igrexa de A Régoa. Para acudir á celebración relixiosa, sairá a comitiva da Corporación ás 10:45 horas dende o Concello, para recorrer a pé o percorrido ata a igrexa. Durante a procesión posterior á misa, haberá unha ofrenda floral reducida, para evitar concentración de persoas, no atrio da igrexa na que depositarán frores, o alcalde, os membros da Corporación que asistan e a Cofradía das Camareiras da Virxe, para o cal acotarase un espazo en torno á imaxe da Virxe de Montserrat, con fin de evitar que se xunten moitas persoas.

A segunda actividade que vai haber relacionada coas festas, serán os Fogos de San Vicente, que serán disparados o mesmo día 15 de agosto ás 12 da noite, tendo unha proxección semellante á de anos anteriores, aínda que lle foi encargado á empresa piro-técnica que tiveran unha lonxitude

no tempo un pouco maior e tamén unha maior intensidade.

Cartel

O alcalde tamén se referiu ó concurso convocado para a elaboración do cartel, indicando que dito con curso rematou a súa tramitación, tras a que foi escollido polo xurado técnico un cartel cuxa contía de 1.000 euros de premio será aboada ó gañador, “aínda que non poderá figurar en ningún programa das festas, sinxelamente porque non vai haber programa, pero si cumprimos co concurso que tiñamos convocado”.

A pesar da pandemia, presentáronse 20 propostas de cartel que serán expostas na Casa da Cultura, como se viña facendo todos os anos, dende o 21 ata o 31 de agosto para que os cidadáns coñezan as diferentes propostas e o cartel gañador, que será dado a coñecer no momento en que se faga dita exposición.

Fotos que amosan a realidade viva do Camiño de Inverno

As heroínas e anfitrións do Camiño de Inverno chegan á capital da Ribeira Sacra en forma de fotografía. José Manuel Ortigueira Bobillo, editor do blog ateneofotografico.com, retratou a Daniela, Olga, Guadalupe, Liliana, Aida, Asunción, Saturno, David, Carlos Eduardo, Francisco Javier... todas elas, persoas afincadas en plena ruta xacobeá e vencelladas ao turismo rural, o aceite, o viño, os museos etnográficos, o culto relixioso e a asistencia aos peregrinos, entre outras actividades deste territorio galego. “Eles son os protagonistas do noso traballo. Quixemos amosar a realidade viva do Camiño, a economía rural e social. E agra-

decir ás asociacións de amigos deste trazado o seu traballo e entusiasmo”, segundo manifestou Ortigueira no acto de inauguración, que se celebrou na Casa da Cultura de Monforte.

A mostra, que está integrada por medio cento de imaxes en tamaño de 70 x 100 cm, inclúe “lugares únicos” e representativos deste itinerario xacobeo. As Médulas, Cabo do Mundo, o muíño de Bendilló, Santa María de Nogueira, a ponte de Belesar e as muras, Os Escolapios de Monforte son exemplos significativos que figuran nesta visión persoal de Ortigueira, que viaxou preto de vinte veces dende Santiago ao Camiño para atopar a luz axeitada ou lograr un retrato natural e dis-

tendido dos personaxes elixidos.

O proxecto complétase coa realización do Camiño de Inverno por uns trinta socios da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC), entidade promotora desta idea, que conta co patrocinio do programa O teu Xacobeo da Xunta de Galicia e a colaboración de OCA Hotels. Ortigueira, autor das fotografías e director do proxecto, concluíu a súa intervención destacando a colaboración público-privada do proxecto e reivindicando un “plan integral de desenvolvemento integral” do Camiño de Inverno.

No acto de apertura tamén interviñeron Aida Menéndez, presidenta de Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, María Doutón, con-



Ortigueira Bobillo é o autor da exposición fotográfica.

celleira de Cultura de Monforte e Benita Silva, presidenta de Alumni USC. Un recorrido explicativo da mostra completou a sesión, durante o que tamén faláron José Antonio

Quiroga, director do Ecomuseo Pazo de Arxeriz, e Antonio Vázquez, guía de Santa María de Nogueira. As fotos poderán verse en Monforte ata finais de agosto.

O Centro Agroforestal de Riós recuperará a riqueza forestal

O conselleiro do Medio Rural en funcións, José González, asinou un convenio co alcalde de Riós, Francisco Veiga, para desenvolver un programa que lle permita ao Centro de Desenvolvemento Agroforestal deste municipio identificar, recuperar e promover a riqueza forestal das provincias de Lugo e Ourense. O acordo, no que o Goberno galego inviste 135.000 euros, enmárcase no obxectivo de impulsar a multifuncionalidade dos montes galegos previsto no Plan de Reactivación e Dinamización da Consellería do Medio Rural para mellorar a competitividade do sector agrario galego tras a emerxencia sanitaria. O encontro concluírá cunha visita a plantacións de castiñeiros para

comprobar in situ os labores que se poden desenvolver ao abeiro do acordo.

A Xunta sufragará cinco tipos de accións no marco deste convenio, que estará vixente ata o remate de 2021. Así, levarase a cabo a identificación de soutos tradicionais e masas de frondosas autóctonas de especial interese nas provincias de Lugo e Ourense, a vixilancia e loita contra as pragas e doenzas destas árbores e cursos de formación para produtores ou persoas interesadas en incorporarse ao sector primario.

Estableceranse puntos de contraste sobre o terreo para garantir a actualización do Inventario Forestal Continuo de Galicia e promoveranse accións de boa gobernanza en comunidades de montes

veciñais en man común (CMVMC), así como a creación de agrupacións forestais de xestión conxunta. A través do Plan de Reactivación e Dinamización de Medio Rural se pretende recuperar arredor de 30.000 hectáreas de soutos tradicionais para impulsar a actividade económica ligada ao territorio e poñer en valor a produción de castaña na nosa comunidade.

En paralelo, e dentro dos instrumentos previstos na futura Lei de recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia, impulsaranse fórmulas de tipo cooperativo ou asociativo que permitan o agrupamento dos seus propietarios para avanzar na xestión conxunta deste recurso, de forma que a súa transformación se faga nas propias zonas produtoras, mantendo sem-



José González e Francisco Veiga.

pre a propiedade dos terreos nos habitantes.

Apoio da Xunta

A Consellería do Medio Rural contribuíu ao financiamento das instalacións do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós, situado nunha área de montaña na que ten especial importancia o cultivo do castiñeiro. Ademais, en novembro de 2017, asinou un convenio co Concello de Riós para a participación activa do

centro na creación dun programa específico de promoción do cultivo e produción da castaña, con vixencia ata o ano 2019. A Xunta dá continuidade a esta colaboración tan importante para o sector agrario da zona. Así, as actuacións formativas e de recuperación que se levarán a cabo ao abeiro do novo convenio beneficiarán directamente aos titulares de terreos do conxunto das provincias de Ourense e Lugo.

A Xunta adxudica a restauración da Torre do Castro, en Sandiás

A Xunta de Galicia vén de adxudicar a restauración da Torre do Castro, en Sandiás, por un importe de máis de 75.000 euros que serán cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (80 %), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. Trátase dunha intervención que permitirá poñer en valor este elemento declarado Ben de Interese Cultural (BIC), coa categoría de monumento, que forma parte da rede defensiva da Limia xunto coa Torre da Pena, en Xinzo de Limia, a Torre de Ceme, en Rairiz de Veiga, e a Torre da Firbeda ou da Forxa, que tamén será restaurada próximamente.

Os traballos contan cun prazo de execución previsto de tres meses e teñen como finalidade avaliar as posibles deficiencias, corrixi-las as patoloxías existentes e mellorar o estado de conservación deste importante elemento do patrimonio histórico da nosa Comunidade. Concretamente, cen-



Os traballos mellorarán o estado de conservación.

traranse na situación actual da cuberta onde é preciso intervir co obxectivo de que este ben poida ser empregado como recurso para o desenvolvemento sostible a promoción socio cultural, laboral e económica da zona.

Deste xeito, logo de avaliar as deficiencias e considerar as patoloxías existentes, limparase o interior da torre e o terreo colindante e eliminarase a vexeta-

ción dos muros e da cuberta da torre aplicando un tratamento herbicida. A continuación, está previsto actuar sobre a cantería facendo un rexuntado, selando as gretas e estabilizando a cimentación histórica. Os traballos completaranse coa reparación da luz existente e coa recuperación da escaleira interior, un elemento de gran interese que da acceso á cuberta.

Entrimo abriu un campamento ambientado no teatro e na aventura na natureza



Rapazas e rapaces de 9 e 13 anos participan nas actividades.

A conselleira de Política Social en funcións, Fabiola García, visitou o campamento xuvenil de Entrimo onde 40 nenas e nenos de entre 9 e 13 anos participan da primeira quenda de actividades no marco da Campaña de Verán 2020. Alí coñeceu os obradoiros que están a realizar, focalizados no teatro, na formación comunicativa e a aventura na natureza.

Así mesmo, a conselleira destacou que, ao igual que o resto de instalacións, o aforo foi reducido para adaptarse ao protocolo de actuación establecido polas autoridades sanitarias para facer

fronte á covid-19 e garantir deste xeito o distanciamento de 1,5 metros. Tamén se incrementou o número de monitores ao garantir a atención dun monitor por cada tres rapaces, mentres a normativa establece un por cada dez.

Fabiola García sinalou que o obxectivo final é garantir que as familias poidan estar tranquilas levando aos seus pequenos ás actividades da Campaña de Verán da Xunta por ser unha aposta segura de conciliación. No campamento de Entrimo ofértanse un total de 200 prazas nas catro quendas que terán lugar ata comezos do mes de setembro.

Casa do Pulpo



Aspecto interior do local.

Casa fundada en 1949. Desde hai 18 anos está á fronte do establecemento José González López que co seu persoal despachan polbo á brasa e á feira, zamburiñas, luriñas, raxo con queixo de Arzúa, tortillas, albóndigas de cervo, rabo de boi e sobre-mesa caseira.

O Capricho



Manuel e María Jesús.

María Jesús e Manuel abriron O Capricho hai un ano. A carta, con código QR, ofrece capricho ibérico, touciño entrefebrado con queixo, solombo ibérico con foie, xamón asado, tequeños, empanadillas, tostas, anchoas, cociña galega en xeral con toques andaluces e venezolanos.

María Tapas



Fachada do local na rúa Unión.

María leva dous anos na xerencia da tapería que leva o seu nome na que ofrece comida ao estilo de Galicia, carta e comida para levar. Dispón de terraza e salón para reservas.

A Barbería



Cientes habituais, con Chato.

Chato cumpre en agosto 19 anos á fronte deste local. Ofrece bereberchos, pescaditos, lacón asado, chuletón de cordeiro, ovos rotos e marisco de cuncha, como especialidade.



TAPERÍA

a barbería

Especialidade en comida caseira e variedade de viños

Rúa do Páxaro, 8 - OURENSE

☎ 988 25 28 78

PINCHOS

Brochetas

TOSTAS

María Tapas

Raciones

Ensaladas

PLATOS

VEGETARIANOS Y VEGANOS

Rúa Unión 1

651 853 881



O Capricho

Servizo a domicilio

CASCO HISTÓRICO OURENSE

Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE

Tfno. 988 981 601



A CASA DO PULPO

FUNDADA EN 1949

Juan de Austria, 15

Zona Viños

Ourense

988 238 308

Evega presentou a colleita do viño institucional

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), Manuel Rodríguez, presentou en Ribadavia a nova colleita 2019 do viño institucional Evega, producido nas parcelas da propia Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia. No acto tamén estivo o director deste centro, Juan Manuel Casares. O director sinalou que se trata dun produto con vocación protocolaria e formativa a base dun coupage de variedades autóctonas de Galicia. Neste senso, no caso do viño branco, está elaborado con variedades de albariño, treixadura, godello, branco lexítimo e loureiro branco; mentres que no tinto están presentes as variedades mencia, sousón, brancellao, caíño tinto e mouratón.

A colleita do viño Evega vense realizando dende o ano 2016 e prodúcese arredor de 550 botellas de branco e de tinto anuais. Ademais, salientou Manuel Rodríguez, a etiquetaxe deste viño xoga un papel moi importante, pois cada edición vaise innovando de xeito que se lle dá a oportunidade a distintos deseñadores para que a confeccionen. No caso da colleita 2019 que hoxe se presenta, a etiqueta conmemora a saída do prelo do primeiro número da revista Nós, de aí que vaia ornamentada con debuxos que Castelao deseñou para a orla das páxinas deste boletín mensual da cultura galega.

Material didáctico

Evega vén elaborando cada ano material didáctico de diferentes temáticas de interese dirixidas ao

sector vitivinícola galego. Neste senso, durante a presentación tamén se deron a coñecer un monográfico sobre as principais enfermidades no viño galego, e un vídeo formativo centrado especificamente no mildio. O monográfico "as enfermidades do viño galego e o seu control", céntrase nas principais enfermidades dos viñedos galegos, en concreto o mildio, oídio, a podreia gris e o black rot. Nesta publicación indícanse os momentos máis sensibles da vide a estas enfermidades, descríbese o ciclo infeccioso de cada fungo, as medidas preventivas e os factores ambientais que inflúen nas condicións de desenvolvemento dos fungos.

O control e eficacia da aplicación de preparados fitosanitarios



Presentación en Ribadavia.

no viño depende do coñecemento predictivo, antes da aparición dos síntomas e danos na colleita. Por iso, nas 24 páxinas que consta o monográfico, ademais da descrición de cada enfermidade, amósanse máis de 50 imaxes nas que se pode visualizar os síntomas e os danos que producen as enfermidades nos grosos, follas e acios das cepas.

O vídeo "enfermidades da vide,

o mildio", no que colaborou a Fundación Juana de Vega, céntrase especificamente nesta doenza que require certos recursos para o control fitosanitario do viño galego. Nesta peza, o sector poderá coñecer de primeira man os factores que inflúen no desenvolvemento desta enfermidade no viño, os síntomas e danos que ocasiona, así como os medios de control a adoptar.

O Filandón de Músicas do Courel homenaxeará as vítimas da pandemia

A edición XXIII do coñecido festival de música tradicional desenvolverase este mes de agosto no interior da ferrería restaurada de Seoane, cun número moi reducido de participantes e de espectadores. "Decidimos facelo así para evitar riscos, porque o normal é que se xunten centos de persoas e entre elas sempre hai moitos maiores", sostén Xosé Lois Foxo, promotor do festival e director da Real Banda de Gaítas de Ourense.

O programa de actividades da xornada, por outra parte, non comprenderá esta vez unha misa nin un xantar popular, coma en pasadas edicións. Os organizadores estudarán ademais posibilidade de instalar no exterior da ferrería

unha pantalla de gran tamaño para que as actuacións poidan ser seguidas desde fóra por outros espectadores, gardando entre eles a distancia de seguridade. No interior do edificio posiblemente non chegará a haber máis de cincuenta persoas. Para compensar todas estas limitacións, o Filandón de Músicas do Courel será transmitido en directo pola Internet a través dun canal que se creará expresamente no portal YouTube.

Os organizadores xa contrataron a unha empresa que se encargará de levar a cabo a emisión dixital. "Instalaremos ademais unha iluminación especial dentro da ferrería para que quede resaltado o seu valor arquitectónico", indica Foxo. "Tamén pensamos ofrecerlle

á Televisión de Galicia a posibilidade de emitir o festival se lles parece conveniente", sostén. Pese a que van ser poucos os espectadores que poidan asistir en persoa, "vaise facer o posible para que o Filandón de Músicas do Courel chegue máis lonxe que nunca", dí Foxo.

A nova edición do Filandón de Músicas do Courel estará dedicada á memoria de Argentina Rodríguez Pardo, falecida a finais de xuño, que foi a última compoñente viva do trío Cantores da Seitura (veciños da localidade quiroguesa de Margaride de Lor) que participaron de forma asidua no festival. A homenaxeada estivo presente como intérprete na última edición.

Por outra parte, durante o fes-



A edición deste ano será a porta pechada.

tival interpretárase a peza "O cantar da primavera", composta recentemente por Xosé Lois Foxo en homenaxe aos maiores e ás vítimas da pandemia, e inspirada en diversas melodías tradicionais. No programa figura tamén unha actuación de Jacinta Fernández Alonso, unha cantora popular da localidade de Lentellais (OBolo. Ourense) que compuxo unha can-

ción sobre a epidemia utilizando como base os tradicionais cantares de cego.

No festival tamén actuará como convidado o músico coruñés Xabier Díaz, antigo integrante de grupos como Berrogüetto, Rumbadeira e aCadaCanto. Como é habitual, no programa figurarán varios músicos populares da Serra do Courel e de territorios próximos.